

## S2101012 A comunicación en igualdade a través das TIC

### Duración:

30 h (18 presenciais + 12 non presenciais)

### Obxectivos

- Coñecer a linguaxe inclusiva.
- Recoñecer estereotipos de xénero nos distintos produtos culturais (cine, arte, literatura, música, publicidade, prensa, etc).
- Realizar produtos de comunicación social libres de estereotipos de xénero empregando as TIC.

### Contidos

- A linguaxe inclusiva.
- Estratexias de comunicación a través das TIC.
- Identificación de estereotipos en produtos culturais.
- Deseño de intervencións empregando as TIC.

### Sesións Presenciais\*:

1. Cultura popular e coñecemento situado. A “educación”. 4H. Data **9 Febreiro** de 16:30 a 20:30
2. A linguaxe das imaxes: fotografía e deseño gráfico. 4H Data **14 de Febreiro** de 16:30 a 20:30
3. A linguaxe das imaxes: audiovisual. 4H Data **16 de Febreiro** de 16:30 a 20:30
4. A linguaxe do son: radio. 4H Data **21 de Febreiro** de 16:30 a 20:30

**Importante: data límite entrega de traballos: 25 de Febreiro**

5. Presentación e posta en común das propostas didácticas. 2H  
**3 marzo** de 17:00 horas a 19:00 (videoconferencia)

\*o programa pode sufrir algunha modificacións

### **Actividade non presencial:**

Para o desenvolvemento das tarefas a distancia habilitase unha aula virtual. Nesta colgaranse os materias de cada sesión e dúas actividades obrigatorias:

1. Participación no foro (3h): na aula habere tres fíos de conversa en base a lecturas e/ou vídeos. O traballo consiste en ler o texto, ver o vídeo e revisar as actividades propostas. Despois, de xeito individual, tedes que publicar a vosa opinión, ben sexa como comentario individual ou como resposta ao comentario doutra persoa. Só se valorarán as achegas relevantes e con contido significativo (é dicir, aínda que podedes interactuar libremente, só valoraremos como traballo as intervencións que sexan algo máis que “moi ben”, “estou de acordo”, “gustoume”, etc.). lecturas e/ou visionado de vídeos e comentario no foro,
2. Deseño dunha ctividade educativa que traballe a igualdade de xénero e que estea baseada nos principios da educomunicación (9h). O prazo de entrega límite para esta actividade será de 3 días antes da sesión 5.

### **Requisitos:**

Todas as sesións terán unha compoñente práctica polo que, non sendo imprescindible, é recomendable que as persoas inscritas traian un dispositivo móbil (smartphone ou tablet) as sesións. Antes de cada unha delas, recomendarase a instalación dalgunhas App de deseño e/ou edición de imaxe.

Para as sesións 2 e 4, non sendo obrigatorio, é recomendable traer un ordenador portátil se fose posible.